



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

B A N D O

CESIÓN DE USO DE COMPOSTEIROS

A adecuada xestión do lixo pasa por unha mellora da recollida do lixo, para o cal establécese unha separación da materia orgánica.

Durante o mes de novembro de 2022 realizouse unha convocatoria para solicitudes de composteiros polos veciños. Unha vez adxudicados os composteiros, en atención ás solicitudes recibidas, aínda quedan composteiros dispoñibles para repartir a novos veciños interesados. Eses composteiros están financiados por fondos NextGeneration-EU, xestionados pola Xunta de Galicia.

O novo **prazo** para solicitar o composteiro queda comprendido **dende o 12 ao 31 de decembro** de 2022, ambos incluídos.

Analizadas e valoradas as solicitudes, procederase posteriormente ao reparto dos composteiros dispoñibles.

A Alcaldía pide a colaboración dos veciños para o cumprimento das obrigas da xestión dos residuos sólidos urbanos, especialmente na fracción de materia orgánica.

Irixoa, 7 de decembro de 2022

O ALCALDE

Antonio Deibe Sanmartín

